



DATOS IDENTIFICATIVOS

Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural

Materia	Antropoloxía: Antropoloxía social e cultural			
Código	O05G130V01201			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Braña Rey, Fatima			
Profesorado	Braña Rey, Fatima Prado Conde, Santiago			
Correo-e	fatimab@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia está concebida como unha introdución á Antropoloxía social e cultural. O seu obxectivo fundamental é proporcionar os instrumentos de análise básicos sobre aqueles feitos socioculturais que se atopan na base das competencias que se deberán alcanzar para o desenvolvemento da profesión de educador social.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
A3	Asumir e orientarse segundo valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...)
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
A7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicarlas ás realidades socioeducativas
A8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
A10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
A11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre
A13	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural
A14	Deseñar, aplicar e avaliar programas de educación permanente e de persoas adultas e anciás
A15	Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral
A16	Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos
A19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
A20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
B1	Capacidade de análise e síntese
B7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
B9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
B10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
B14	Adaptación a situacións novas
B18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida
B19	Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento da Antropoloxía social e cultural, así como das súas orientacións teóricas no contexto cultural actual.	A1 A7	B1 B7
Coñecemento da natureza e características da cultura humana.	A4 A20	B10
Coñecemento dos modos de transmisión dos elementos da cultura humana.	A4	B14 B18
Capacidade para comprender as variadas estratexias de adaptación e económicas que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A4 A19	B1 B9 B10
Capacidade para comprender as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas de familia e parentesco que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A3 A14	B1 B10
Capacidade para comprender as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas políticos e de exercicio do poder que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A1 A19	B1 B10
Capacidade para comprender as variadas estratexias de adaptación aos distintos sistemas relixiosos e de pensamento que aparecen nos diferentes contextos socioculturais.	A1 A3	B1 B19
Capacidade para analizar e comprender a diversidade de poboacións e grupos portadores de tradicións culturais diferentes.	A10 A11 A15	B1 B10
Habilidades para recoñecer as transformacións e cambios que veñen afectando ao sistema de cultura de Galicia.	A8 A13 A20	B1 B10 B19
Habilidades básicas para a investigación e interpretación dos elementos do sistema de cultura de Galicia.	A7 A16	B7 B10 B19

Contidos

Tema

1. A Antropoloxía social e cultural: campo de estudo e orientacións teóricas.	1.a.- Concepto e campo de estudo da Antropoloxía sociocultural. 1.b.- Metodoloxía de investigación en Antropoloxía sociocultural.
2. Natureza e características da cultura.	2.a.- Concepto, trazos e niveis de cultura. 2.b.- Conceptos afíns á cultura de relevancia antropolóxica.
3. Cultura e enculturación: a transmisión e asimilación das tradicións culturais.	3.1.- Concepto, modos e límites da enculturación. 3.2.- Mecanismos, axentes, medios e resultados da enculturación ou socialización do individuo.
4. Estudo do sistema sociocultural humano: análise da estrutura económica, social, política, ideolóxica (relixión e pensamento) do sistema sociocultural humano.	4.1.- A estrutura económica do sistema sociocultural: os modos de produción, distribución e consumo de bens. 4.2.- A estrutura social do sistema sociocultural: matrimonio, familia, parentesco e filiación. 4.3.- A estrutura política do sistema sociocultural: sistemas políticos non centralizados e sistemas políticos centralizados. 4.4.- A estrutura ideolóxica do sistema sociocultural: maxia, relixión e os sistemas de crenzas.
5. Antropoloxía e comparación: culturas, etnias, grupos étnicos e culturais.	5.1.-Etnias, minorías étnicas e culturais. 5.2.- Multiculturalismo, integración e identidade étnica.
6. Grupos étnicos e culturais no Estado español.	6.1.- A experiencia intercultural en España: inmigrantes e refuxiados. 6.2.- Minorías e grupos marxinados: xitanos, pobres e outros grupos de marxinados no Estado español.
7.- O sistema de cultura da sociedade galega.	7.1.- Os elementos do sistema de cultura de Galicia. 7.2.- As unidades de organización social da sociedade galega. 7.3- Cultura e identidade do pobo galego.
8. Transformación e cambio do sistema de cultura tradicional de Galicia.	8.1.- A transformación dos elementos do sistema de cultura tradicional de Galicia 8.2. Os cambios nas unidades de organización social e no modo de vida doméstico do pobo galego.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	2	15	17
Seminarios	20	40	60
Saídas de estudo/prácticas de campo	3	4	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballos de aula	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do alumnado.
Seminarios	Os seminarios versarán sobre actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permita profundizar ou complementar os contidos da materia. Sempre que se considere necesario, empregaranse como complemento das clases teóricas.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividades de aplicación dos coñecementos a actividades concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores. Prácticas de campo, visitas a eventos, centros, institucións... de interese académico profesional do alumnado.
Sesión maxistral	Por parte do profesor da materia serán presentadas en sesións maxistras as bases teóricas e as directrices de estudo do programa de Antropoloxía social e cultural, así como as directrices a seguir nos traballos de investigación en Antropoloxía sociocultural.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada será de dous tipos: NA AULA: no transcurso das aulas do tipo que foran así como durante as saídas de estudo. NAS TITORÍAS: son as entrevistas que o alumno manterá co profesor para o seu asesoramento no desenvolvemento das competencias e a aprendizaxe da materia Antropoloxía sociocultural. O horario de atención será o indicado na páxina web da Facultade e no taboeiro dos despachos dos profesores.
Seminarios	A atención personalizada será de dous tipos: NA AULA: no transcurso das aulas do tipo que foran así como durante as saídas de estudo. NAS TITORÍAS: son as entrevistas que o alumno manterá co profesor para o seu asesoramento no desenvolvemento das competencias e a aprendizaxe da materia Antropoloxía sociocultural. O horario de atención será o indicado na páxina web da Facultade e no taboeiro dos despachos dos profesores.
Traballos de aula	A atención personalizada será de dous tipos: NA AULA: no transcurso das aulas do tipo que foran así como durante as saídas de estudo. NAS TITORÍAS: son as entrevistas que o alumno manterá co profesor para o seu asesoramento no desenvolvemento das competencias e a aprendizaxe da materia Antropoloxía sociocultural. O horario de atención será o indicado na páxina web da Facultade e no taboeiro dos despachos dos profesores.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	10
Seminarios	O alumnado para garantir o desenvolvemento da materia deberá traer realizadas as tarefas encomendadas para cada sesión do grupo mediano. Só poderá ser avaliado positivamente neste apartado se cumpre coas tarefas solicitadas de forma correcta.	35
Saídas de estudo/prácticas de campo	Elaborado dun documento polo estudante que recompila información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante as saídas ou actividades realizadas.	5
Sesión maxistral	O alumnado será avaliado a través da entrega de análise de traballos mais un exame de preguntas abertas.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación da materia no criterios descritos no epígrafe AVALIACIÓN aplicarase ao alumnado asistente. Considéranse alumnos asistentes os que contén co 80% de asistencia. A nota final será o resultado da suma das metodoloxías descritas. Para aprobar a materia a nota mínima das sesións maxistras será dun mínimo de 2,5 puntos e a suma do resto de metodoloxías e probas deberá tamén sumar 2,5 puntos como mínimo.

MODALIDADE DE AVALIACIÓN PARA ALUMNOS NON ASISTENTES: para os alumnos non asistentes, a avaliación da materia rexerese polos seguintes criterios:

- Proba con preguntas abertas no día e hora do examen oficial: ata 5 puntos.
- Traballo titorizado (elixir o tema, polo menos, con dous meses de antelación ao exame final da materia): ata 5 puntos. Para computar a cualificación do exame na nota global é obrigatorio realizar o traballo.

A nota final para alumnos non asistentes será a suma do exame e do traballo tendo que ter aprobados ambos.

SEGUNDA CONVOCATORIA: as competencias non superadas derivadas da totalidade ou de parte das probas/actividades (teóricas/prácticas) obxecto de avaliación, poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

KOTTAK, **Antropología. Una exploración de la diversidad humana, con temas de cultura hispana.**, 1994,

BOHANNAN, P., **Para raros, nosotros.**, 1996,

HARRIS, M., **El desarrollo de la teoría antropológica.**, 1978,

SAN MARTIN, J., **Antropología: ciencia humana, ciencia crítica.**, 1992,

Esta bibliografía básica será completada con diversos materiais que indicaran os profesores da materia.

Recomendacións

Outros comentarios

A presente guía é orientativa poidendo adaptarse os seus apartados á marcha das aulas durante o trancurso do curso.

Para poder superar a materia deberán aprobarse previamente e de forma independente cada unha das probas previstas. Advírtese ao alumnado que non se gardará ningunha nota para o curso seguinte.

-SEGUNDA CONVOCATORIA

Na convocatoria de xullo serán avaliadas só aquelas probas e competencias que non se superaran na convocatoria anterior.